

TOPONIMIA E CARTOGRAFÍA

Salón de Graos - Facultade de Filoloxía

Do 28 de outubro

ao 6 de novembro

SIMPOSIOS
2008 ILG

<http://ilg.usc.es/>

denle
fisterra



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA



CONSELLO DA
CULTURA GALEGA



ASOCIACIÓN
GALEGA DE

Coa colaboración da Dirección Xeral de Promoción Científica e Tecnológica do SUG

a alívio
durante
vilarcovo
ovilar o outeiro
a devesa badern
subeiro a toxo va
tarrio porcar gos
lagarteira san
viñas,
vilar gude fornís tare
oleiros a manda l
a baiuca a graña
listres san xian sálvora a
laxefigueiroa reboredo rens carballosa a pontenova os
camariñas a grixa moreira a carballa artes soanes aguiño a amio
muxia vimianzo xallas argueirón o campanario
touriñan buxán santa vilar penelas axeitos matí
talón mallas padris estorde comba castrello pozocco
ceen nemina a pereira castromoñán san martiño o vilariño o centeal a coviña Ca
queiroso suarriba mazaricos trasfontáns olveira couso a va
castromiñán o ezano os castelos balteiro novelle caamaño fa
corcubión abeleiroas carnota montemuiño reboredo touro oval santiso
muros carrabete o sisto orellán a ponte, as melas
tara creo cabrais vilachán a insua a biqueira reiris
pousacarro gundar porto bustiguillade bistipoi somonte ca
porto son borrente rasamor

Desde o ano 2001 o Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela vén organizando simposios dedicados a temas relacionados coa investigación lingüística que son de interese para a comunidade científica. O simposio deste ano 2008 abordará o tema *Toponimia e cartografía*.

Os estudos de toponimia aproveitáronse sempre das contribucións achegadas desde outras disciplinas para explicar a orixe, historia e distribución dos nomes de lugar. Coa colaboración da xeografía, a historia, a antropoloxía, a botánica, a economía e a lingüística, entre outras disciplinas, os estudos de toponimia arrequéntanse e desenvólvense de xeito máis completo. Neste sentido a cartografía, como representación gráfica do territorio, aparece como disciplina estreitamente vinculada cos estudos toponímicos. Os mapas funcionan como soportes, en ocasións únicos, dos nomes do territorio e a toponimia é unha parte fundamental da representación cartográfica. Nas últimas décadas, a aplicación dos sistemas de información xeográfica para a análise de datos toponímicos fixo áinda máis patente a utilidade da combinación de toponimia e cartografía.

A intención dos organizadores deste simposio é ofrecer unha panorámica dos estudos que, desde distintas disciplinas, explotan científicamente a conxugación da investigación toponímica e da análise cartográfica. Os participantes convidados son especialistas en xeografía, historia, dialectoloxía e historia da lingua que nos seus traballos tiran rendemento da representación cartográfica dos nomes de lugar. Os temas das conferencias procuran ofrecer unha panorámica xeral dos estudos interdisciplinares de toponimia, especialmente das achegas feitas desde a xeografía, a historia e a lingüística. Por unha parte, cóntase coa participación de investigadores do ámbito da xeografía que están a traballar ou traballaron en proxectos vinculados coa toponimia e, por outra, con colaboradores de proxectos e investigacións que aproveitaron a cartografía toponímica para obter resultados sobre a evolución e descripción dos sistemas lingüísticos. As conferencias pretenden tamén dar a coñecer aos asistentes o estado de desenvolvemento destes proxectos, a metodoloxía que se está a utilizar, os resultados que deixa agora se obtiveron e as perspectivas futuras.

Todos os traballos presentados no simposio *Toponimia e cartografía* son contribucións orixinais, elaboradas por encargo expreso da organización por especialistas en cada materia, que poderán ser debatidas de maneira inmediata nos coloquios que seguirán a cada intervención e, de xeito demorado, tras a súa difusión escrita, en volume monográfico publicado polo Consello da Cultura Galega.

Agardamos que este simposio sirva de complemento e reforzo para a formación dos estudiantes, especialmente de segundo e terceiro ciclos, e, sobre todo, de estímulo para que os investigadores novos tomen contacto con especialistas e con ideas que lles descubran novos camiños de investigación.

PROGRAMA

28/X	16:30	Acto inaugural
	17:00	Toponimia, xeografía e cartografía Vicenç M. Rosselló i Verger (Universidade de Valencia)
	18:00	Bilingüismo, toponimia e cartografía no País Vasco Nerea Mujika Ulatzua (Universidade de Deusto)
29/X	16:30	Xeografía lingüística e lexicografía histórica. Sobre leonés e castelán José Ramón Morala Rodríguez (Universidade de León)
	17:30	Os nomes do mar. Talasonomía na costa sur galega Xosé Lois Vilar Pedreira (Instituto de Estudos Miñoranos)
	18:30	Coloquio
30/X	16:30	Cartografía, toponimia e historia medieval Jordi Bolòs Masclans (Universidade de Lleida)
	17:30	O Inventario Toponímico da Galicia Medieval (ITGM), un novo recurso para a investigación topomástica Paulo Martínez / Rocío Dourado (Instituto da Lingua Galega-USC)
	18:30	Coloquio
4/XI	16:30	A elaboración dun atlas toponímico: o Atlas toponímico de España Jairo Javier García Sánchez (Universidade de Alcalá)
	17:30	Estado da toponimia na Comunidade Foral de Navarra Mikel Belasko Ortega (Elea. Lingüística y nuevas tecnologías)
	18:30	Coloquio
5/XI	16:30	O Corpus Toponimic Valencià: metodoloxía e resultados Emili Casanova Herrero (Universidade de Valencia)
	17:30	Toponimia e xeografía lingüística medieval Stefan Ruhstaller (Universidade Pablo de Olavide, Sevilla)
	18:30	Coloquio
6/XI	16:30	O proxecto Cartografía da toponimia en Galicia Gonzalo Navaza Blanco (Universidade de Vigo) / Luz Méndez Fernández (Asociación Galega de Onomástica) / Xulio Sousa Fernández (Instituto da Lingua Galega-USC)
	17:30	Top_GIS: aplicaciones GIS ao estudo da toponimia no Piamonte Elena Papa / Alda Rossebastiano (Universidade de Torino)
	18:30	Coloquio